


<i>Área / Unidad</i> CONTRATACION CT0000 NGT	<i>Documento</i> 43012I00P4	
<i>Código de verificación</i>  1F45 6C3C 6S1H 5E3H 1BNH	<i>Expediente</i> O-23/2017	
	<i>Fecha</i> 28-02-2018	

ACTA

Presidenta

M^a Eugenia Vieito Blanco

Vogais

Angel David Murado Codesal

Beatriz Mariño Vila

Marta García Pérez

Secretaria

Mónica Vales Rodríguez

Na Biblioteca adscrita á Secretaría Xeral das Casas Consistoriais da cidade da Coruña, sendo as catorce horas e cincuenta e nove minutos do día vinte e oito de febrerío de dous mil dezoito, reúnese a Mesa de contratación cos asistentes que á marxe se reseñan, para abrir e cualificar os sobres que conteñen a documentación administrativa que presentan no tempo e na forma as empresas licitadoras ao procedemento aberto con diversos criterios de valoración para contratar as **obras comprendidas no proxecto de acondicionamento dos obradores do mercado municipal de Elviña**.

A presidencia ordena a apertura dos sobres, e os membros da Mesa examinan os documentos presentados polas empresas licitadoras, que resultaron ser as seguintes:

Número un- Sergonsa, S.A.

Número dous- Arias Infraestructuras, S.A.

Número tres- Construcciones Ángel Jove, S.A.U.

Número catro- El Corte Inglés, S.A.

Número cinco- Proycoga Construcciones

Número seis- Ingeniería y Construcciones Melcor, S.L.

Número sete- Abeconsa, S.L.U.

Número oito- Ábaco CR, S.L.

Número nove- Acodar 2010, S.L.

Número dez- Groma Obras, S.L.

Número once- Desarrolla Obras y Servicios, S.L.

Número doce- Copcisa, S.A.

Número trece- Prace, Servicios y Obras, S.A.

Número catorce- Ogmios Proyecto, S.L.

Número quince- Construcciones Abal, S.A.

Número dezaseis- Covisam Norte, S.L.

Aos efectos previstos no art. 81 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas, eu, a secretaria da Mesa de contratación, certifico neste acto que todas as empresas licitadoras presentan os documentos esixidos no prego de cláusulas administrativas particulares.

A Mesa acorda admitir as empresas licitadoras que se presentaron ao procedemento, por achegar toda a documentación esixida, e publicar o resultado desta apertura na web municipal, perfil do contratante, de conformidade co previsto no prego de cláusulas administrativas particulares regulador do procedemento.



De acordo co art. 27 do RD 81/2009, a apertura dos sobres que conteñen as ofertas **técnicas** realizaránse en acto público no lugar e hora que se anunciará oportunamente no perfil do contratante da web municipal.

E sendo as quince horas e dous minutos do día ut supra indicado, dáse por rematado este acto e esténdese a presente acta, de cuxo contido eu, a secretaria accidental da Mesa, dou fe.

Visto e prace